

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO. SALA 6.

MADALENA PENITENTE

O Barroco está considerado como a arte da Contrarreforma, encarnación da loita dos católicos contra os reformistas luteranos. Tivo unha función educativa para achegar a relixión ao pobo e facela máis accesible, estimular a piedade e desterrar a idolatría.

Tras o Concilio de Trento (1545-1563) as representacións das imaxes relixiosas fixéronse máis realistas e ditáronse normas para a correcta representación das figuras de Cristo, a Virxe e os Santos. Fomentáronse os temas relacionados coa Paixón, a Inmaculada Concepción e o culto aos arrependidos, como resposta ao Luteranismo, que rexeitaba o sacramento da penitencia e a confesión dos pecados.

Neste contexto, a figura de María Madalena, adquiriu unha especial relevancia. Foi unha das poucas mulleres que se mencionan con nome propio nos Evanxeos, relacionada con Xesús, a Virxe e os apóstolos. A súa importancia radica en ser a primeira persoa que comunica a resurrección de Cristo, dogma central da fe cristiá.

A partir desta época, Madalena convértese na imaxe do arrepentimento. A súa iconografía está baseada nos trinta anos que permaneceu como anacoreta no deserto, segundo se conta na Lenda Dourada de Santiago de Voráxine.

Gregorio Fernández (Sarria, Lugo 1576-Valladolid 1636) foi o creador da primeira imaxe da Madalena Penitente. A súa iconografía, realizada para o Mosteiro das Descalzas Reais, foi o modelo que inspirou a un gran número de artistas da súa época, entre os que destacou Pedro de Mena.

Está considerado como o introdutor do naturalismo na imaxinería en España e continuador da tradición castelá, iniciada por Berruguete e Juan de Juni. Desenvolveu a súa actividade en Valladolid, na corte do rei Felipe III, converténdose un dos principais escultores do Barroco español.

A súa traxectoria artística apartouse do Manierismo imperante en busca dun maior realismo, espiritualidade e dramatismo, conseguido cun minucioso estudo da anatomía do corpo humano e a utilización de pezas postizas como ollos de cristal, bágoas, dentes e feridas sanguentas.

Na súa obra destacan as iconografías de Cristo xacente e a Inmaculada Concepción, dos que podemos ver dous maravillosos exemplos no Museo do Convento de Santa Clara, de Monforte de Lemos, na provincia de Lugo.

A Madalena Penitente que se exhibe na sala 6 do Museo Provincial de Lugo, escultura barroca atribuída a Gregorio Fernández, é a imaxe do arrepentimento e constitúe un dos mellores exemplos para contrarrestar a oposición do Luteranismo ao Sacramento da Penitencia.

A súa iconografía, plasma un instante conxelado da vida anacoreta da santa, durante os trinta anos que permaneceu no deserto para expiar os seus pecados.

A escultura de vulto redondo representa a unha muller nova con longos e escuros cabelos que caen en ondulados guechos cubrindo gran parte do seu fráxil corpo, vestida cunha basta túnica de palma entrelazada. Coa expresividade concentrada no seu rostro, dirixe a súa mirada absorta cara a un crucifixo que suxeita coa man esquerda, símbolo da redención e instrumento da paixón de Cristo, mentres apoia a dereita sobre o seu peito nun xesto de exaltación contida.

María Madalena parece camiñar sobre unha peana que describe unha paisaxe inhóspito, rochoso, con réptiles, un regato, lugar onde se retira pola súa renuncia ao mundo. As catro plantas colocadas nos extremos simbolizan a beleza efemera e lémbrennos a fragilidade da natureza reforzando a idea da *vanitas* nas escenas de conversión.

Outros dous atributos axúdannos a identificar á santa e diferenciala doutras anacoretas: á dereita, o tarro de perfume co que Madalena unxiu os pés de Cristo para redimirse dos seus pecados e á esquerda, unha caveira que nos lembra a vaidade dos bens terreaes e a fugacidade da vida.

María Quiroga Figueroa.

Departamento de Belas Artes do Museo Provincial de Lugo